



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 25 DE MARZO DE 2013.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vintecinco de marzo de dous mil trece; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don José Prieto Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez e Don Javier Iglesias Sendin .

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi as celebrada o pasado dezaeito de marzo de dous mil trece (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-

COLOCACION DE LÁPIDA CONMEMORATIVA.-

Visto o escrito de **Herdeiros de Don Antonio Dabarca Cuiñas**, con domicilio na rúa Pouso nº 15, Francelos, no que interesa autorización para cambio de lápida conmemorativa da sepultura terrea sita no cemiterio de Ribadavia, segundo socalco dereita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda, cos condicionantes establecidos na respectiva ordenanza, acceder ao interesado, pero recordándolle que tal colocación terá carácter provisional e non suporá dereito de propiedade sobre a devandita sepultura e que antes de proceder a colocación da lápida deberá avisar ao persoal do Concello.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

- Do Valedor do Pobo, expte. N.7.Q/189/13, comunicando actuacións realizadas en relación a queixa formulada polo estado da rúa Ribeiro-Carballiño a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras.



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

- De Gestima S.L., escrito remitindo documentación sobre a marcha da explotación da concesión de parking na Alameda do Concello.
- Da Deputación Provincial de Ourense, remitindo convenio marco de colaboración entre a Deputación Provincial e as entidades locais da provincia para a prestación de asistencia técnica para a limpeza, baleirado e xestión de lodos de fosas sépticas de titularidade pública local.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

APROBACIÓN LIQUIDACIÓN AQUALIA .- SETEMBRO 2006 A DECEMBRO 2008.-

Vista a liquidación presentada pola empresa Aqualia, Gestión Integral del Agua, S.A., con domicilio na rúa Yáñez, nº 9-baixo, desta vila, correspondente ao período comprendido entre setembro de 2006 a decembro de 2008, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle aprobación:

CONCEPTO	RESUME LIQUIDACIÓN
A FAVOR DE AQUALIA	
GESTIÓN DE E.D.A.R. E E.T.A.P.	242.708,48€
TRABALLOS VARIOS	- €
ACTUALIZACIÓN ALCANTARILLADO FIXO EXECUTIVA	- 5.876,58 €
	13.282,56 €
TOTAL (A favor de Aqualia)	250.114,46 €
A FAVOR DO CONCELLO	
COBROS DE SANEAMENTO	153.896,67 €
CANON	127.804,92 €
TOTAL (A favor Concello)	281.701,59 €
TOTAL LIQUIDACIÓN	- 31.587,13 €
TOTAL COMPENSACIÓN (A FAVOR DO CONCELLO)	31.587,13 €

DECRETO 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

“Visto o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, publicado no D.O.G. núm. 63, de 30 de marzo de 2012.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Acollerse o devendito Decreto e solicitar a devandita subvención destinada os Servizos sociais comunitarios, de acordo coa disposición transitoria cuarta e concordantes do Decreto”.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

